

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 06 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DO III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025. EXPEDIENTE GD 1399/2025

O Concello de Ames ven apostando nos últimos anos polo sector da innovación, froito disto pasou a ser no 2019 membro da Red Innpulso dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación e desenvolveu diferentes actuacións neste eido como a posta en marcha do Coworking “A Proa” no polígono empresarial do Milladoiro ou o desenvolvemento do programa Innovames, entre outros.

Dentro do programa Innovames, o Concello de Ames convocou nos últimos dous anos os Premios Innovames Proxectos Educativos co obxectivo de ofertar á comunidade educativa amiense un alicerce para implementar formación, emprendemento e innovación.

Vendo a boa acollida de anos anteriores e con fin de continuar co apoio o fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense, preténdese convocar unha edición máis dos premios Innovames Proxectos Educativos.

No Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 aprobado polo pleno de 23.02.2023, sendo a súa 4ª e última modificación aprobada polo pleno de 26.09.2024 recóllese a seguinte liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	PREMIOS INNOVAMES
OBXECTIVOS	O obxectivo de recoñecer, apoiar e dar visibilidade ás persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames; proxectos con carácter innovador e de gran impacto social, tanto de recente creación como xa consolidadas, que contribúan aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados polas Nacións Unidas, aquelas utilicen as novas tecnoloxías nos seus procesos ou procedementos, así como aquelas que aposten pola globalización.
EFFECTOS PRETENDIDOS	1) Achegar o mundo da innovación amesan á cidadanía 2) Colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación 3) O fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense
DESTINATARIOS	Empresas de carácter innovador e Colexios do Concello de Ames
PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2023-2025

CUSTE PREVISTO 2025	ANUAL 10.000
FUNCIONAL	4314
ECONÓMICA	47905
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concorrenca competitiva

Figura no expediente informe proposta da concelleira delegada de area e da axente de emprego e desenvolvemento local (29.01.2025) ([CSV:15220IDOC24E233051B9EF0B4488](#))

Figura no expediente informe de procedemento de Secretaría ([CSV:15220IDOC2EB5313F1031B4B4996](#)) e informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 39/2025 do 04.02.2025). ([CSV:15220IDOC272D45828CCA1794BA1](#))

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023) por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a convocatoria e as bases do III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025, e que figuran como anexo deste acordo.

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 5.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente.

Terceiro. Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Cuarto Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO

BASES DO III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025

Concellaría	Promoción económica y educación
Anualidade	2025
Denominación	III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025
Beneficiarios	Centros educativos públicos de educación infantil, primaria e secundaria do Concello de Ames.

Aplicación orzamentaria	4314.47905
Importe da convocatoria	5.500,00 €
Importe dos premios	• Primeiro premio: 1.500 euros • Segundo premio: 1.250 euros • Terceiro premio: 1.000 euros • Cuarto premio: 750 euros • Quinto premio: 500 euros • Sexto premio: 250 euros • Sétimo premio: 125 euros • Oitavo premio: 125 euros

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames ven apostando nos últimos anos polo sector da innovación, froito disto pasou a ser no 2019 membro da Red Innpulso dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación e desenvolveu diferentes actuacións neste eido como a posta en marcha do Coworking “A Proa” no polígono empresarial do Milladoiro ou o desenvolvemento do programa Innovames, entre outros.

Dentro do programa Innovames, o concello de Ames convocou nos últimos dous anos os Premios Innovames Proxectos Educativos co obxectivo de ofertar á comunidade educativa amiense un alicerce para implementar formación, emprendemento e innovación.

Vendo a boa acollida en anos anteriores e con fin de continuar co apoio o fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense, preténdese convocar unha edición máis os premios Innovames Proxectos Educativos.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

A concellaría de Promoción Económica a través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Achegar o mundo da innovación amesán á cidadanía
2. Colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación
3. O fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense.

OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

- a) Primar actividades innovadoras dentro do tecido empresarial de Ames
- b) Fomentar a formación en innovación como valor engadido ao tecido empresarial de Ames

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS CENTROS PARTICIPANTES.

Para participar na convocatoria, será necesario que os centros de educación participantes cumpran as seguintes condicións:

- Ser un centros educativos **públicos** de educación infantil, primaria e secundaria do Concello de Ames.
- Deseñar un proxecto audiovisual, artístico, tecnolóxico ou maker realizado dentro do ámbito educativo con temática libre innovadora.

- Non ter débedas en período executivo de pago co Concello de Ames no momento da concesión, salvo que o pago das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.
- Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións incapacitantes para obter a condición de beneficiario.
- Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

TERCEIRA.- INSCRICIÓNS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de candidaturas será dende o día seguinte a publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña **ata o 20 de febreiro de 2025 inclusive**.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>). Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REG), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

Para solicitar á participación nos premios deberá achegarse a seguinte **documentación**:

- **Anexo I** da presente convocatoria debidamente cumprimentado
- **Fotocopia do DNI** da persoa representante do centro que realiza a solicitude
- **Certificado do secretario** do centro onde indique a titularidade da dirección do centro escolar.
- **Fotocopia do NIF** do centro educativo.
- **Declaración censal** de alta no IAE.
- **Memoria da candidatura**: Deberase achegar unha memoria resumo do proxecto que soporte a súa candidatura. A memoria non deberá exceder 6 páxinas e deberá conter a seguinte información:
 - a) Nome do centro que presenta o proxecto.
 - b) Autor ou autores do proxecto.
 - c) Explicación do proxecto
 - d) Material audiovisual de apoio (vídeos, fotos, etc)
 - e) Tecnoloxías empregadas (se procede)
- **Fotografía ou representación gráfica** do proxecto. Formato 1080x1080ppp.

Os candidatos deberán facer constar na súa solicitude todas as cuestións que consideren que deben ser valoradas na súa proposta.

Cada centro educativo participante poderá enviar un **máximo de 2 proxectos**.

Do mesmo xeito, poderán presentarse as solicitudes, xunto coa documentación indicada, de forma presencial de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nos rexistros municipais existentes en:

- Casa do Concello en Bertamiráns
- Oficinas Municipais no Milladoiro

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

CUARTA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os **“III Premios Innovames Proxectos Educativos 2025”** están concibidos co obxectivo de ofertar á comunidade

educativa amiense un alicerce para implementar formación, emprendemento e innovación.

Para iso, nesta edición diferéncianse os seguintes premios:

- Primeiro premio: 1.500 euros
- Segundo premio: 1.250 euros
- Terceiro premio: 1.000 euros
- Cuarto premio: 750 euros
- Quinto premio: 500 euros
- Sexto premio: 250 euros
- Sétimo premio: 125 euros
- Oitavo premio: 125 euros

Ningún centro educativo poderá percibir máis de un premio dos establecidos nos tres primeiros postos. Se un centro quedase clasificado cun proxecto nun primeiro, segundo ou terceiro posto, e o mesmo tempo presentase a concurso outro proxecto con opción a ser premiado, ese segundo proxecto poderá optar ao premio que lle corresponda segundo a súa clasificación a partir do cuarto premio.

A estes importes aplicaráselles a retención do IRPF que corresponda no momento da entrega dos premios

QUINTA.- RÉXIME DE CONCESIÓN, IMPORTE DA CONVOCATORIA E IMPORTE DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva, sendo este o procedemento ordinario de concesión de subvencións tal e como estipula o artigo 22 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O importe estimado destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 5.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente para 2025.

Importe dos premios:

- Primeiro premio: 1.500 euros
- Segundo premio: 1.250 euros
- Terceiro premio: 1.000 euros
- Cuarto premio: 750 euros
- Quinto premio: 500 euros
- Sexto premio: 250 euros
- Sétimo premio: 125 euros
- Oitavo premio: 125 euros

Total: 5.500,00 euros

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

SEXTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O proceso de valoración das candidaturas será levado a cabo por un xurado formado por entre 3 e 5 persoas representantes de distintas organizacións vinculadas coa educación, a innovación e o movemento Maker.

Este xurado terá como cometidos os seguintes:

- Avaliar os proxectos e ideas presentadas.

- *Asignar os premios do concurso e elevar a proposta de aprobación ao órgano competente do Concello de Ames.*

A composición do xurado publicárase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría Promoción Económica e a Concellería de Educación.

Un/unha traballador/a da Concellaría de Promoción Económica ou de Educación actuará como secretario/a, con voz pero sen voto. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan aos/ás beneficiarias dos premios.

*A resolución darase a coñecer durante a edición do evento **Innovames o 7 de marzo de 2025***

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

*Os proxectos serán valorados cunha **puntuación máxima de 10 puntos**.*

Para o outorgamento das puntuacións o xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- Orixinalidade. (3 puntos).** Que o proxecto sexa un concepto novo e/ou aporte solucións innovadoras tanto conceptual como tecnicamente*
- Funcionalidade e usabilidade. (2 puntos)** Que o proxecto solucione unha problemática real e sexa útil e facilmente usable polo usuario.*
- Material utilizado, custo en relación coa súa aplicación. (1 punto).** Que estea fabricado cos materiais mais axeitados para o seu uso. Valorarase ademais que se incorporen, se é axeitado, materiais reciclados ou reutilizados.*
- Documentación sobre o proxecto. (1 punto)** Que a documentación mostre de maneira clara e efectiva o contido do proxecto, obxectivo, aplicación e características técnicas.*
- Valor educativo. (2 puntos).** Que o proxecto teña un enfoque didáctico de aplicación na aula e que potencie as competencias clave marcadas polo concello e parlamento Europeo.*
- Presentación do proxecto no evento Innovames (1 punto)** Valorarase a presentación do proxecto por parte do equipo durante o **evento Innovames o 7 de marzo de 2025**. Terase en conta unha explicación clara e que poña en valor os puntos clave do proxecto desenvolto.*

En caso de empate o xurado escollerá, somentendoo á votación, quen será o centro gañador entre os proxectos que obtiveran igual puntuación.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

OITAVA.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios tramitarase na forma de concorrencia competitiva.

O órgano competente para a instrución do procedemento será a concellería de Promoción económica e a de Educación.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño.

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao de publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

NOVENA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

A inscrición no concurso implica a autorización para tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

A participación no “III Premios Innovames Proxectos Educativos 2025” implica a aceptación destas bases reguladoras e do do fallo emitido polo Xurado.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

A interpretación das bases correspóndelle a Concellaría de Promoción Económica e a de Educación.

DÉCIMA.- FALLO DO XURADO

A participación na presente Convocatoria supón a aceptación das bases reguladoras da mesma e do fallo emitido polo xurado.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

Pola Xunta de Goberno Local aprobarase a concesión de premios proposto polo xurado que serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Ames.

O fallo do xurado darase a coñecer durante a celebración do **Evento Innovames do 7 de marzo de 2025**.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo polo Departamento de Promoción económica e Educación nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e o texto íntegro poderá consultarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO E REINTEGRO DOS PREMIOS

O pago realizarase, no prazo e forma previstos, mediante transferencia bancaria á conta que indicase o centro premiado.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria dos premios e a verificación dos datos achegados na solicitude.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro

municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DÉCIMO QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal dos premios Innovames e polos membros do xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

Garantirase a confidencialidade das candidaturas presentadas durante todo o proceso. Porén, poderanse difundir as súas características xerais, cando sexa necesario, como o nome dos proxectos gañadores, o seu logo, actividade e principais logros, así como as persoas integrantes do equipo gañador.

DÉCIMO SEXTA.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS ACHEGAS CONCEDIDAS

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigados/as a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE “III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025”

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA CANDIDATURA

SOLICITANTE:

Nome

NIF

Teléfono

Email

EN REPRESENTACIÓN DE:

Nome do centro escolar

NIF:

Domicilio

Localidade

Teléfono

Email

En relación á convocatoria do “III PREMIO INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025” organizado polo Concello de Ames solicito a miña participación no mesmo.

2. PROXECTO

Nome do proxecto:

No caso de querer presentar outro proxecto deberá cubrirse un novo anexo

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ (Fotocopia do DNI da persoa que en nome propio ou como representante do centro realiza a solicitude
- ☐ (Declaración censal de alta no IAE.
- ☐ (Certificado do secretario do centro onde indique a titularidade da dirección do centro escolar
- ☐ (Fotocopia do NIF da entidade.
- ☐ (Memoria da candidatura
- ☐ (Fotografía ou representación gráfica do proxecto

4. A PERSOA SOLICITANTE DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1º.- Que acepta as bases da convocatoria.

2º.- Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

3º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

4º.- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON

5º.- Que os promotores dos proxectos participantes no concurso (sinalar o que proceda):

☐ (Autorizan a difusión dos nomes e características xerais das iniciativas e proxectos presentados no marco das actuacións deste concurso, así como a potencial realización de entrevistas previas ou posteriores á entrega dos premios e recoñecementos.

☐ (NON autorizan a difusión dos nomes e características xerais das iniciativas e proxectos presentados no marco das actuacións deste concurso, así como a potencial realización de entrevistas previas ou posteriores á entrega dos premios e recoñecementos.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica da convocatoria dos "III PREMIOS INNOVAMES PROXECTOS EDUCATIVOS 2025
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de

	<i>Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude</i>
<i>Destinatarios dos datos</i>	<i>Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais</i>
<i>Exercicio de dereitos</i>	<i>As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.</i>
<i>Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional</i>	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais
☐ Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios ☐ Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	

Ames, de de 2025
 Sinatura do/a solicitante

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 06.02.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
 O alcalde
 José Blas García Piñeiro

A secretaria
 Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE CERTIFICADO: HASH DO CERTIFICADO:
 06/02/2025 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
 06/02/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
 Secretaria
 Alcalde

NOME:
 PRADA QUEIPO, ROSA ANA
 GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC28AF076392A76DD4FAA